



Políticas del cuerpo:  
Espacio de Pensamiento  
y Acción Colectiva

## Dossier de prensa

MOV-S 2014  
Seminario Galicia  
Programación Expandida. Articulacións  
Illa de San Simón  
11, 12 e 13 marzo

## O PROXECTO MOV-S

MOV-S é unha iniciativa do Mercat de les Flors, Centro das Artes de Movemento de Barcelona, que ten como obxectivo buscar espazos para construír pontes de unión e crear **vías naturais de encontro e colaboración** entre artistas e organizacións de danza e artes de movemento.

Ao longo de cinco edicións, o proxecto MOV-S foi desenvolvéndose e adaptándose ás necesidades de cada contexto político, económico, social e artístico.

Nas súas tres primeiras edicións, expúxose como un congreso internacional itinerante acompañado dun programa artístico propio. A cuarta edición puxo sobre a mesa unha nova forma de entender o proxecto, que se presentou como un proceso de pensamento colectivo e horizontal.

A edición de 2014, a quinta, propón un **proxecto nómade de acción colectiva** sobre Políticas do Corpo que se desenvolverá nun período de dous anos a través de varios territorios iberoamericanos: Galicia, Bilbao, México e Chile.

O desenvolvemento deste **proxecto en constante evolución** está a disposición da comunidade a través de diversos documentos publicados en [www.mov-s.org](http://www.mov-s.org).



## PRIMEIRA PARADA: ILLA DE SAN SIMÓN

MOV-S 2014 inicia o seu percorrido cun seminario na Illa de San Simón (Redondela) os días **11, 12 e 13 de marzo de 2014**, coa participación de máis de 40 profesionais nacionais e internacionais, entre os que se inclúen artistas, produtores, críticos, programadores e responsables de circuítos e institucións públicas.

O seminario en Galicia realízase despois dun **proceso de curadoría colectiva** desenvolvido durante dous meses e no que participaron 20 axentes do territorio (artistas, investigadores, activistas, mediadores e produtores culturais) convidados polo colectivo Misa de Domingas, que se reúne cada domingo ás 12 horas en Casa Tomada, na Coruña.

O tema a debater foi "Articulación: redes, colectivos e comunidades". A partir da pregunta "que é para ti hoxe unha rede?" activouse un proceso caótico, sen normas nin metodoloxías para pensar como se articulan as prácticas artísticas. De aquí xurdiron unha serie de ideas e conceptos presentes na programación do seminario que terá lugar en San Simón e no que participará un grupo pechado de traballo colectivo.

O obxectivo é **abrir un espazo para a construción de futuros posibles** desde a práctica, para pensar xuntos sobre formas de **Articular** hoxe nas artes vivas.

Como facer unha Programación Expandida? Cal é o papel dos museos e dos centros de arte en relación ás artes vivas? Como propoñemos as tecnoloxías do encontro? Estes son os temas estratéxicos propostos para pensar en común.

Os convidados traballarán xuntos nun espazo e tempo compartidos co fin de **escribir tres manifestos que conteñan as esencias destiladas dos temas estratéxicos abordados**.

Estes manifestos faranse públicos, serán compartidos e servirán como ferramentas para desenvolverlas e propoñer prácticas reais de **Interinstitucionalidade** entre as estruturas públicas e os artistas e mediadores no segundo encontro de MOV-S en Bilbao (29, 30 e 31 de maio).

O seminario en Galicia terá lugar no marco incomparable que ofrece a **Illa de San Simón**, un excepcional enclave situado na ría de Vigo. Ao longo da historia, San Simón foi testemuña de traxedias e avatares marítimos, idílica referencia literaria da poesía medieval, refuxio monacal, lazareto para doentes infecciosos e cárcere do réxime ditatorial franquista para illamento político. Hoxe é un espazo público, xestionado pola Consellería de Cultura e Educación, para o desenvolvemento cultural de Galicia e, ao longo do ano, as súas instalacións acollen o desenvolvemento dunha extensa programación, como lugar de colaboración con diversas entidades e organismos para actividades culturais, formativas e de investigación.

O seminario coincide coa celebración do **festival ALT de Vigo**.

## PROGRAMA SEMINARIO

### PROGRAMACIÓN EXPANDIDA. ARTICULACIONES ILLA DE SAN SIMÓN

#### MARTES 11 DE MARZO

19:00 - 19:45 h

*Os nosos corpos sobre a xeografía da illa.*  
Con Xoán Mosquera, arquitecto.

19:45 - 20:45 h

Proxección da curtametraxe de Amanda Piña e Daniel Zimmerman *Go and talk to your government*, sobre a creación do Ministerio de Asuntos do Movemento de Austria.

Presentación do proxecto de creación da embaixada do Ministerio de Asuntos do Movemento en Galicia.  
Por Begoña Cuquejo, artista.

20:15 - 20:30 h

Presentación do proxecto MOV-S 2014 e do programa para o mércores 12 e o xoves 13 polo colectivo implicado na proposta de contidos.

#### MÉRCORES 12 DE MARZO

10:00 - 11:00 h

*Como construír un corpo sen órganos? Situando os corpos para as prácticas "corazonadoras".*  
Intervención teórico-práctica para todos os invitados.  
Con Javier Martín, artista.

11:00 - 13:00 h

Mesa de traballo: *Programación Expandida. Articulacións entre contidos, formatos, contexto e comunidades.*

Todos os invitados participarán en 2 mesas de traballo. A partir dun input conversaremos sobre o tema proposto, como corpos que operan en continuidade para pensar de forma colectiva. Cada persoa intervirá libremente.  
Mediadoras e provocadoras: Ania González con Aimar Pérez Galí e Guillermo Weickert con Uxía P. Vaello.

13:00 - 13:30 h

Paseos bis a bis: *Programación Expandida.*

A partir do grupo de participantes na mesa, dividiremonos por parellas para pasear pola illa.

13:30 - 14:00 h

Posta en común e redacción do *Manifesto colectivo sobre Programación Expandida.*

As parellas regresarán e proporán unha idea en relación ao tema debatido durante o paseo para a redacción en común do manifesto. Lectura, impresión e repartición do escrito.

14:00 - 16:00 h

Espazo gastronómico para conversar sobre os nosos proxectos actuais e inquietudes futuras. Grupos de 6 persoas.  
Mediadoras e provocadoras: Claudia Delso e Caterina Varela.

16:00 - 18:00 h

Mesa de traballo: *O papel dos museos e centros de arte en relación ás artes vivas.*

Todos os invitados participarán en 2 mesas de traballo. A partir dun input conversaremos sobre o tema proposto, como corpos que operan en continuidade para pensar de forma colectiva. Cada persoa intervirá libremente.

Mediadores e provocadoras: Natalia Álvarez con Roberto Abuín e Encarna Lago con Iñaki Martínez.

18:00 - 19:00 h

Paseos bis a bis: *O papel dos museos e centros de arte en relación ás artes vivas.*

A partir do grupo de participantes na mesa, dividiremonos por parellas para pasear pola illa.

19:00 - 19:30 h

Posta en común e redacción do *Manifiesto colectivo sobre o papel dos museos nas artes vivas.*

As parellas regresarán e proporán unha idea en relación ao tema debatido durante o paseo para a redacción en común do manifesto. Lectura, impresión e repartición do escrito.

19:30 - 21:00 h

*Corpo e vida real. Performances en defensa do común.* Conversación informal e visionado de vídeos.

Mediador e provocador: Roberto Abuín.

## **XOVES 13 DE MARZO**

10:00 - 11:00 h

Acción con David Loira, artista.

11:00 - 14:00 h

*Relevancia, visibilidade e invisibilidade. Quéresme ver?*

Que contar nos novos medios sobre as prácticas artísticas?

Mediadores e provocadoras: Natalia Balseiro e Rubén Ramos.

14:00 - 16:00 h

Xantar conversado. Fóra e dentro. Achegamento aos contextos de traballo dos participantes. Compartindo recursos útiles.

Mediadores e provocadoras: Cristina Alonso e Alejandro García Ruffoni.

## ENCONTRO EN BILBAO

MOV-S continuará o seu traxecto cun encontro na cidade de Bilbao, **entre o 29 e 31 de maio**, no marco do **Encontro de Novas Formas Escénicas 3, 2, 1 de Alhóndiga Bilbao**.

Os obxectivos, contidos e metodoloxía de traballo desenvolveranse a medida que avance o proceso e contando coa complicidade dos axentes do territorio.

O encontro en Bilbao permitirá a inscrición de profesionais do sector da danza contemporánea e as artes vivas.

## EDICIÓNS ANTERIORES

### Barcelona 2007, Homoxeneízase a danza?

Realizáronse 3 debates en sesións plenarias, 6 grupos de traballo de dimensións reducidas, 2 sesións de presentación de proxectos e unha sesión final de conclusións. Propuxéronse tamén 3 itinerarios artísticos pola cidade e 14 espectáculos de danza de, entre outros, Marcos Vargas, Chloé Brûle, Àngels Margarit e Cesc Gelabert.

Cun balance de 329 profesionais inscritos entre programadores, artistas, produtores, críticos, responsables de circuítos e institucións públicas (118 internacionais e 211 nacionais), o resultado desta primeira edición superou todas as expectativas, o que deu lugar á posibilidade de realizar o seguinte MOV-S noutros lugares de España.



### Galicia 2008, As condicións para a creación coreográfica

Organizada polo Centro Coreográfico Galego da Xunta de Galicia e o Mercat de les Flors, a segunda edición incluíu conferencias en sesión plenaria, grupos de traballo, presentacións de proxectos, espectáculos artísticos e unha visita á Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Dunhas dimensións máis reducidas que o anterior, no encontro inscribíronse 164 profesionais, 120 españois e 44 internacionais. O programa artístico, enteiramente de artistas ou produción galega, incluíu 15 espectáculos.

## Madrid 2010, O espectador activo

Organizado polo Mercat de les Flors e o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, afondou sobre a realidade do público actual. Para a elaboración da programación artística escolleuse unha comisión formada por representantes de diversas comunidades autónomas e directores dos diferentes espazos colaboradores (MNCARS, La Casa Encendida, Circo Price, Círculo de Bellas Artes, Teatros del Canal, Matadero etc.).

Dos 383 asistentes, o 54% foron programadores, o 23% artistas e os 23% restantes profesionais do sector.



## Cádiz 2012, Acordos posibles

Para a cuarta edición activouse un proceso de pensamento e práctica colaborativos nos que se compartiu experiencia, coñecemento, información e afectos. Durante case dous anos realizouse unha investigación para a que se entrevistou a preto de 70 persoas do ámbito iberoamericano vinculadas coa danza, o corpo, o pensamento contemporáneo e a mediación artística. Ao longo dese proceso abriuse o código do proxecto relatando a metodoloxía e o camiño seguido, as achegas máis relevantes e os documentos útiles durante o proceso de pensamento e desenvolvemento de contidos.

Do devandito proceso xurdiron tres temas ("Sustentabilidade das prácticas artísticas", "Colaboración público-privada" e "Mobilidade e visibilidade") que se abordaron en senllas mesas de traballo. Participaron uns 190 profesionais internacionais. Ademais, presentáronse 21 proxectos que supoñen experiencias vinculadas a outros modos de facer, en comunidade e de forma sustentable.

Vinculouse ao festival Cádiz en Danza, no que se presentaron espectáculos de 33 artistas iberoamericanos.

## **INSTITUCIÓN COLABORADORAS**

### **Mercat de les Flors**

Como centro para a investigación, produción, creación e difusión das artes da danza e do movemento, ofrece un programa plural que mostra diferentes momentos do proceso creativo e concepcións da danza. É un referente de prestixio internacional e dirixe o proxecto europeo modul-dance, coa participación de 20 casas de danza europeas.

Comprometido tanto coas tendencias internacionais como coa produción nacional, o Mercat é hoxe un espazo para o intercambio, de conexión entre a danza e outras disciplinas de creación e pensamento, para a aposta por novos produtos, o reflexo dunha personalidade, un lugar para a aprendizaxe das diferenzas.

### **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia**

Ademais do papel imprescindible da xestión pública da cultura para contribuír co benestar da cidadanía e o desenvolvemento do conxunto da sociedade, a colaboración transversal con outras entidades e a cesión de espazos públicos son tamén actuacións imprescindibles para favorecer a actividade, a reflexión e a creación cultural.

Con este obxectivo, a Consellería de Cultura e Educación, a través da Secretaría Xeral de Cultura, apoia o MOV-S Galicia 2014 e abre as portas da Illa de San Simón para alentar este espazo de intercambio, pensamento e acción colectiva arredor da danza e as artes do movemento.





XUNTA  
DE GALICIA